

Cantan alborada os anxos,
que o Neno naceu n' O Páramo.

*O corazón nunha arela
e o Amor que chega!*

Anxos cantan alborada
ó Neno, flor da rosada.

*O corazón nunha arela
e o Amor que chega!*

Naceu n' O Páramo o Neno,
neve de Luz cae arreo.

*O corazón nunha arela
e o Amor que chega!*

O Neno, flor da rosada,
que Luz trouxo de luzada.

*O corazón nunha arela
e o Amor que chega!*

Neve de Luz cae arreo,
brilan folerpas no ceo.

*O corazón nunha arela
e o Amor que chega!*

Que Luz trouxo de luzada
e alborada os anxos cantan.

*Ai, corazón nunha arela,
en folerpiñas de Luz
o Amor lapea!*

[Nadal 2020]